

ORDENANZA MUNICIPAL NÚM. 24, SOBRE LIMITACION DE PLANTACIONES ARBOREAS.

Art. 1º. Fundamento e natureza.

No uso das facultades concedidas polos artigos 142 da Constitución e polo artigo 105 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e de conformidade co disposto na Lei 39/1988, de 28 de decembro, este Cooncello establece a ordenanza reguladora das distancias prantacións forestais e fincas de labor, praderías, núcleos urbanos e cursos de auga.

Artº. 2º. Distancias das prantacións.

Con carácter xeral, as prantacións forestais situaranse ás distancias mínimas que segundo as diferentes especies se relacionan nas colindancias con:

I. Cultivos agrícolas, praderías.

- a) Especies do xénero eucaliptos, a distancia mínima de 15 metros.
- b) Especies de pinis insignis e do xénero populus, a distancia mínima de 10 metros.
- c) Outras especies de resinosas ou coníferas a distancia mínima de 6 ms.
- d) Especies de frondosas non autóctonas, a distancia mínima de 4 metros.
- e) Especies de frondosas autóctonas, a distancia mínima de 2 metros.

II. Núcleos urbanos.

a) A distancia mínima que resulte de multiplicar por 2 cada unha das indicadas no apartado 1 deste artigo segundo a especie de que se trate.

b) Calquera outra especie, de tipo ornamental, decorativo ou de protección do cerramento dunha propiedade, á distancia mínima de 2 metros.

III. Cursos de auga superficiais, fontes e mananciais.

- a) Especies do xénero eucaliptos, a distancia mínima de 30 metros.
- b) Especies de pinis insignis e do xénero populus, a distancia mínima de 15 metros.
- c) Demais especies non autóctonas, a distancia mínima de 10 metros.
- d) Especies autóctonas a distancia mínima de 5 metros.

Artº. 3º. Distancia a fincas de concentración parcelaria.

1. Queda expresamente prohibida a prantación de árbores eucaliptos dentro do perímetro das fincas que foran afectadas pola concentración parcelaria.

2. Exclusivamente autorizase proceder á prantación de eucaliptos a unha distancia mínima de 30 metros a partires da última finca concentrada.

Exceptúanse aquelas que posúan carácter forestal previo.

Artº. 4º. Distancias a edificacións.

1. As distancias mínimas que deberán manterse nas colindancias, tanto vivendas coma almacéns, garaxes ou establos, serán as mesmas que se indican no artigo 2 da ordenanza, segundo a especie de que se trate e se a edificación estea sita nas aforas ou interior do núcleo urbano de poboación serán de aplicación os apartados 1 e 2, respectivamente, do citado artigo.

Artº. 5º. Voo e invasión do arborado.

En calquera prantación que dea orixe a que o seu arborado sobrevoe ou interrompa tanto en cultivos agrícolas ou praderías, como en camiños públicos, cursos de auga, vías e núcleos urbanos, así como calquera tipo de edificacións os propietarios deberán adoptar as medidas oportunas que impidan tales ocupacións, tanto de solo, subsolo como do espazo aéreo.

Cando se trate de invasións de árbores nas vías públicas, os seus propietarios estarán obrigados á poda correspondente deixando libre aqueles nunha altura mínima de 4 metros sobre o nivel do solo.

Artº. 6º. Infraccións e sancións.

Dada a importancia do cumprimento da presente ordenanza para o desenvolvemento e fomento da riqueza forestal, agrícola e gandeira, medioambiental e paisaxística do Concello de Mondoñedo, establécense as seguintes sancións para os infractores que contraveñan a presente ordenanza:

a) Con carácter xeral e coa soa infracción das distancias sinaladas, sancionárase ó propietario con 30,05 €. por cada metro lineal.

b) Por cada árbore sita a menor distancia da preceptuada, sanción de 1,20 € mais os xuros legais vixentes que resulten desde o día da plantación ata que se arranquen de raíz.

Artº. 7º. Execución por incumprimento.

Se fora preciso, ante reiterados incumprimentos e sen prexuízo da imposición das sancións correspondentes, procederase á execución subsidiaria de conformidade co sinalado na lexislación de procedemento administrativo.

DISPOSICION FINAL

A presente ordenanza foi aprobado polo Pleno do Concello o 25-02-99, entrará en vigor a partir do día seguinte da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia.

Mondoñedo, 24 de maio de 1999. O Alcalde, Manuel Javier Loira Rúa.